

da Axencia Estatal de Administración Tributaria que practicase a liquidación que desexa ingresar (se se trata dunha operación prevista na letra a), ou que corresponda ao seu domicilio fiscal (se se trata dunha operación prevista na letra b). A devandita oficina, unha vez realizadas as comprobacións oportunas, entregaralle ao obrigado un documento que autorizará de forma expresa a inmediata anulación do NRC indebidamente xerado conforme o disposto no punto I.9 desta orde. Baseándose neste documento, que deberá ser entregado polo obrigado ao pagamento á entidade colaboradora, esta procederá tanto á anulación do NRC erróneo coma á retrocesión da operación de ingreso que motivou a súa xeración.

a) Liquidacións mencionadas no punto segundo da Orde HAC/3578/2003, do 11 de decembro, pola que se desenvolve o Regulamento xeral de recadación na redacción dada polo Real decreto 1248/2003, do 3 de outubro, e se modifica a Orde do 15 de xuño de 1995, en relación coas entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria (Boletín Oficial del Estado do 23).

b) Declaracións-liquidacións axustadas ao modelo 576, aprobado pola Orde EHA/1981/2005, do 21 de xuño, pola que se aproba o modelo 576 de declaración-liquidación do imposto especial sobre determinados medios de transporte, ou modelo 06 de declaración do imposto especial sobre determinados medios de transporte, exencións e non suxeicións sen recoñecemento previo, se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes ao modelo 576 e se modifica a Orde do 30 de setembro de 1999, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática das declaracións-liquidacións correspondentes aos modelos 110, 130, 300 e 330 (Boletín Oficial del Estado do 28).»

2. O modelo 330 do anexo II «Código 022 autoliquidacións especiais» queda redactado do modo seguinte:

«Código do modelo: 330.

Denominación: IVE exportadores.

Períodos de ingreso: M-T.»

Disposición derradeira terceira.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado e afectará por primeira vez as declaracións axustadas aos modelos 392, 180, 193, 345 e 347 respecto á información correspondente ao exercicio 2005, ás declaracións axustadas ao modelo 349 respecto á información correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2006 e á relación de operacións axustada ao modelo 038 respecto á información correspondente ao mes xaneiro do exercicio 2006.

O que comunico para o seu coñecemento e efectos.
Madrid, 3 de outubro de 2005.

SOLBES MIRA

Sres. Director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria e director xeral de Tributos.

ANEXO I

MODELO:

038. Relación de operacións realizadas por entidades inscritas en rexistros públicos. Declaración informativa. Exercicio: NNNN. Período: NN.

NÚMERO DE XUSTIFICANTE:

IDENTIFICACIÓN DO DECLARANTE:

NIF: XNNNNNNNX.

Apelidos e nome ou razón social:

CÓDIGO DA ADMINISTRACIÓN:

IMPORTE DO RECADRO 01:

(Número total de operacións societarias.)

IMPORTE DO RECADRO 02:

(Importe total do capital social.)

ANEXO II

MODELO:

392. IVE Resumo anual. Grandes empresas. Exercicio: NNNN.

NÚMERO DE XUSTIFICANTE:

IDENTIFICACIÓN DO SUXEITO PASIVO:

NIF: XNNNNNNNX.

Apelidos e nome ou razón social:

CÓDIGO DE ADMINISTRACIÓN:

IMPORTE DO RECADRO 86:

(Resultado da liquidación.)

IMPORTE DO RECADRO 94:

(Resultado da liquidación anual atribuíble a territorio común.)

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

16489 *REAL DECRETO 1123/2005, do 26 de setembro, polo que se declara, para incendios acontecidos en diversas comunidades autónomas, a aplicación das disposicións contidas no Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais.* («BOE» 239, do 6-10-2005.)

O Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais, establecía, no seu artigo 1.2, que o Goberno da Nación, mediante real decreto, podería declarar a aplicación das medidas previstas no seu capítulo I (Medidas de apoio aos damnificados) a outros incendios de características similares que acontecesen ou poidan acontecer nun futuro desde o 1 de abril ata o 1 de novembro de 2005, determinando os municipios e núcleos de poboación afectados.

En cumprimento desta previsión normativa aprobouse o Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, mediante o que se delimitaban os núcleos de poboación aos cales eran de aplicación as medidas do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, e se establecían, así mesmo, unha serie de normas de desenvolvemento.

O artigo 1 do citado Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, establecía os municipios afectados polos graves incendios forestais de Guadalajara, Cáceres e Badajoz. Así mesmo, deixaba aberta a posibilidade de aplicar as medidas do real decreto a outros municipios que determinase o Goberno, en liña co determinado polo Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo.

Neste sentido, no período comprendido entre o 1 de abril de 2005 e o día da data, producíronse multitude de

sinistros nos máis diversos puntos de España, que aínda que non alcanzan a magnitude dos incendios acontecidos en Guadalajara e Extremadura, produciron unha afección nas zonas que se recollen neste real decreto, as cales, polas características e a gravidade dos danos producidos, poden ser susceptibles de beneficiarse da aplicación da normativa citada. Resulta destacable a afectación dunha importante superficie agraria e, cunha menor incidencia, pero non menos relevante, danos en infraestruturas municipais e bens de titularidade privada.

Por último, dado o amplo catálogo de medidas desenvolvidas de maneira detallada polo Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, e co obxectivo de lograr unha maior igualdade de trato na concesión de axudas a todas as entidades e cidadáns damnificados, considerouse conveniente estender as medidas previstas nos artigos 2 a 12, ambos inclusive, do citado Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, a este real decreto.

Así mesmo, inclúese unha disposición adicional en que se determina que os municipios previstos no ámbito de aplicación deste real decreto serán incluídos con carácter preferente no programa de extensión de telefonía móbil e da banda ampla que actualmente xestiona o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Por último, inclúese unha habilitación ao Ministerio de Medio Ambiente para que, dentro dos parámetros fixados no propio real decreto, poida declarar como zona de actuación especial para os efectos da súa restauración forestal e ambiental as zonas incendiadas, así como a emerxencia das obras que deban executarse para iso.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior e dos ministros de Defensa, de Economía e Facenda, de Traballo e Asuntos Sociais, de Industria, Turismo e Comercio, de Agricultura, Pesca e Alimentación, da Presidencia, de Administracións Públicas e de Medio Ambiente e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de setembro de 2005,

DISPONGO:

Artigo único. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. En uso da habilitación contida no artigo 1.2 do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais, este real decreto ten por obxecto declarar a aplicación daquel aos municipios e núcleos de poboación que sufrisen incendios forestais de similares características.

2. As medidas previstas no capítulo I do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, nos artigos 2 a 12, ambos inclusive, e desenvolvidas polos artigos 2 a 10, ambos inclusive, do Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, polo que se aproban medidas en relación coas adoptadas no Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, serán de aplicación aos municipios e núcleos de poboación previstos no anexo deste real decreto.

Disposición adicional primeira. *Establecemento dunha liña prioritaria de actuación para proporcionar servizo de telefonía móbil e acceso preferente ao programa de extensión da banda ampla aos municipios e núcleos de poboación afectados polos incendios.*

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio incorporará con carácter prioritario os municipios e núcleos de poboación afectados polos incendios forestais previstos no anexo, nos cales se constatase a existencia de deficiencias en materia de comunicacións telefónicas e telemáticas, ao Plan de extensión da telefonía móbil. Da mesma forma, sen prexuízo das actuacións das comunidades autónomas no ámbito das súas competencias, determinará a inclusión destas zonas con carácter preferente no programa de extensión da banda ampla do devandito ministerio para zonas rurais e illadas.

Disposición adicional segunda. *Habilitación ao Ministerio de Medio Ambiente.*

1. Facúltase o titular do Ministerio de Medio Ambiente, no exercicio das súas competencias e dentro do ámbito de aplicación do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, para declarar zona de actuación especial para a restauración forestal e ambiental das zonas incendiadas, e decláranse de emerxencia as obras executadas polo devandito departamento para tal fin.

2. Para os efectos das declaracións citadas no punto anterior, será necesario que a superficie forestal afectada polo incendio reúna algunha das seguintes características:

- Que sexa superior a 5.000 hectáreas.
- Que sexa superior a 1.000 hectáreas, das cales máis do 70 por cento sexa de superficie forestal arborizada.
- Que sexa superior a 500 hectáreas que estean incluídas en lugares da Rede Natura 2000 e que afecten municipios que acheguen polo menos o 50 por cento do seu termo municipal á devandita rede.
- No territorio insular, as superficies exixidas anteriormente serán as seguintes: na alínea a), 2.500 hectáreas; na alínea b), 500 hectáreas, e na alínea c), 250 hectáreas.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 26 de setembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO

Comunidade Autónoma de Andalucía

Provincia de Jaén: Hornos de Segura; Iznatoraf; Orcera; Santiago-Pontones; Segura de la Sierra; Siles; Sorihuela de Guadalimar; Villacarrillo; Villanueva del Arzobispo.

Comunidade Autónoma de Canarias

Provincia de Las Palmas: Artenara; Moya; Tejeda; Valle-seco; Vega de San Mateo.
Provincia de Santa Cruz de Tenerife: Barlovento; Garafía.

Comunidade de Castilla y León

Provincia de Ávila: Casavieja.

Comunidade Autónoma de Cataluña

Provincia de Barcelona: Cardona; Montmajor; Navàs; Viver i Serrateix.
Provincia de Lleida: Pinós.

Comunidade Autónoma de Galicia

Provincia da Coruña: Carnota; Lousame; Muros; Neda; Ribeira.

Provincia de Ourense: Avión; A Bola; Cualedro; Laza; Monte-rei; Muíños; Oímbra; Porqueira; Taboadela; Verín; Vilardevós.

Provincia de Pontevedra: Caldas de Reis; Campo Lameiro; Fornelos de Montes; Gondomar; Mondariz; Mos; As Neves; Pazos de Borbén; Poio; Pontareas; O Porriño; Salceda de Caselas.